



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno Local para o 24.07.2025

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, que terá lugar o día 24 de xullo de 2025 ás 14:30 horas no salón de sesións da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día.

1. Ratificación da urxencia
2. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión ordinaria do 18.07.2025
3. Expediente número 2024/U039/000015. Aprobación do proxecto denominado “Instalación de cuberta de pista polideportiva en Vilanova”
4. Expediente número 2025/C006/000003. Aprobación do expediente de contratación para a adxudicación dun dereito de superficie sobre a parcela de titularidade municipal do sector residencial deportivo Perbes San Xoán de Vilanova de Miño, para a construción e explotación dun centro comercial-supermercado
5. Expediente número 2025/V006/000011. Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de L. M. R. B.
6. Licenzas urbanísticas e comunicación previas
 - 6.1. Expediente número 2022/U020/000002. Comunicación previa de cambio de titularidade de actividade de café-bar restaurante situado na rúa Extremeiro, núm. 2 bx. de Miño de Ocio y Restauración 2020, S.L.
 - 6.2. Expediente número 2025/U020/000006. Comunicación previa de cambio de titularidade de actividade de café-bar restaurante situado na rúa Extremeiro, núm. 2 bx. de Miño de Giorgio Manuel Ruiz Querio

A documentación estará á disposición das concelleiras e concelleiros no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital
O alcalde
Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal
Ignacio Edreira Moreira